



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Miguel Ángel Pérez Dubois
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da provincia)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:00 horas do día 08/02/2016 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, réunese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do **recurso de reposición** do expediente de clasificación do monte denominado "**O Calvario**" da parroquia de Tortoreos, solicitados a favor dos veciños da CMVMC de Tortoreos (As Neves)

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO- Con data de entrada no rexistro de 22/06/2009 Fernando Pereira Alonso, en representación dos veciños da CMVMC de Tortoreos, da parroquia de Tortoreos (As Neves) presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado "Coto do Calvario" no lugar do Calvario, da parroquia de Tortoreos, como veciñais en man común a favor da CMVMC de Tortoreos acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

En sesión que tivo lugar o 22/02/2010 o Xurado acordou a incoación do expediente de clasificación

SEGUNDO- Tramitado o expediente de conformidade cos preceptos legais e regulamentarios aplicables, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man común de Pontevedra, en reunión que tivo lugar en data 19/11/2012, resolveu clasificar como veciñal en man común o monte denominado O Calvario a favor dos veciños da CMVMC de Tortoreos (As Neves) ao quedar acreditado o aproveitamento veciñal da parcela excluindo da superficie solicitada 760 m² que se corresponden coa denominada parcela B ou 2 da permuta 8/07 por non ter natureza comunal.

TERCEIRO- Contra a referida resolución en data 24/01/2013 o Concello de As Neves formula recurso de reposición alegando, en sínteses, que se anule ou revoque, total ou parcialmente a resolución adoptada en sesión de data 19/11/2012 mediante a cal se clasifica como veciñal en man común o terro da parcela ocupada polo ben inmovible de dominio público municipal correspondente ao antigo edificio escolar sito no lugar de Calvario, da parroquia de Tortoreos, de 254 m² de superficie de propiedade e uso municipal.

Xunto co escrito de alegacións presentan diversa documentación: copia da ficha do inventario municipal respecto da escola, acordo plenario de desafección do ben inmovible por troco de uso da escola unitaria de Calvario. Fotografías do inmovible onde se aprecia a reforma opera polo concello e uso das dependencias como almacén municipal, informe do responsable de Urbanismo, Obras e Servizos Públicos do concello, documentación sobre a obra de rehabilitación o edificio da escola unitaria de Tortoreos e certificación gráfica e descritiva da parcela.

CUARTO- Á vista do escrito do Concello de As Neves a CMVMC de Tortoreos presenta un escrito de contestación as alegacións indicando en resumo que : *(...) la comunidad de montes de Tortoreos reconoce la titularidad pública/ municipal del edificación denominada Escola do Calvario, de 254 m² de superficie , con las servidumbres de paso que le sean inherente a efectos de su efectivo acceso a dicho inmueble, pero no se reconoce la propiedad municipal de la parcela que lo circunda hasta alcanzar la superficie total de 971 m² (...) Que dicha escuela fue desafectada en virtud de resolución de fecha de 12 de mayo de 2006 por la Delegación Provincial de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria en Pontevedra (...) se desafectó la superficie de 254 m² que ocupa la citada escuela do Calvario, sin que se incluyera ningún terreno colindante o adyacente, al contrario se estaba reconociendo por el propio Concello de As Neves que dicha edificación estaba enclavada sobre terreno Comunal con el que circunda por todos sus lindes..*

Achegan xunto co escrito de alegacións a seguinte documentación: certificación emitida pola secretaria do concello no que pon de manifesto que examinada a documentación do arquivo municipal non se atopou ningún expediente que acredite a titularidade dos terreos onde foi construída a escola Calvario Tortoreos, así como un listado de bens inmovibles propiedade do Concello de As Neves (no que non figura a escola do Calvario).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra é o órgano competente para resolver os recursos de reposición contra as súas resolucións en virtude do establecido no artigo 12 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de



novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.


SEGUNDO: Procede admitir a trámite os recursos de reposición interpostos por cumprir cos requisitos esixidos polo art. 117.1 da precitada Lei.

TERCEIRO: Á vista das alegacións realizadas tanto polo concello como polo promotor do expediente, e a marxe de que non pode obviarse que o carácter comunal do monte desaparece daquelas superficies que foron ou están sendo destinadas a servizos públicos, acéptanse as mesma no sentido de excluír unicamente do monte O Calvario a superficie ocupada polo inmobile correspondente a antiga escola de Calvario. Porén, no que ao resto da parcela se refire non poden prosperar as alegacións de adverso por canto non se achega documento ou proba algunha que permita desvirtuar a resolución do Xurado de data 19/11/2012.

En consecuencia, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, e de acordo coa a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, este instrutor propón e o **Xurado** por unanimidade dos seus membros **ACORDA: Estimar parcialmente** as alegacións formuladas polo Concello de As Neves **no sentido de excluír do monte O Calvario a superficie de 254 m²** correspondente ao antigo edificio escolar, confirmando integramente o resto da resolución recorrida.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 a) e 116.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.


The bottom section of the document features several handwritten signatures in blue and green ink. A central circular official stamp is visible, containing the text: "XUNTA DE GALICIA", "PROV. DE CLASIFICACION DE MONTE", "PONTEVEDRA", "Conselleira do Medio Rural e do Mar", and "PSI/INVESTA".



MONTE "O CALVARIO"
 CMVMC DE TORTOREOS.
 CONCELLO DE AS NEVES.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
 XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA



Febreiro - 2016

ESCALA : 1/5.000

Ana Belén Fernández Dopazo, secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, certifico:

Que na reunión do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común que tivo lugar o día 14 de xuño de 2022, deuse conta para toma de razón, no punto 6º.1 da orde do día, da seguinte sentenza:

1- " Sentencia do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución núm.3 de Ponteareas do 20/09/2021 recaída no procedemento ordinario 402/2020 promovido pola CMVMC de Tortoreos (As Neves) contra o Concello das Neves, pola que se recoñece o terreo de 254 m² denominado "O Calvario" ou "Coto do Calvario", que se corresponde coa referencia catastral 001803100NG46B0001ZK, como propiedade da comunidade de montes.

A sentenza deveu firme segundo testemuño da Letrada da Administración de Xustiza do Xulgado Primeira Instancia e Instrución nº 3 de Ponteareas"

E para que conste, ós efectos oportunos, expídese a presente certificación

Vº e praxe:

Presidente do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común

Antonio Crespo Iglesias





GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA

SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA

DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO

CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA DE DATOS CATASTRALES DE BIEN INMUEBLE

Referencia catastral: 001803100NG46B0001ZK

DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

Localización:

LG CALVARIO 11
36449 AS NEVES [PONTEVEDRA]

Clase: URBANO

Uso principal: Residencial

Superficie construida: 245 m2

Año construcción: 1952

Construcción


Destino	Escalera / Planta / Puerta	Superficie m ²
ENSEÑANZA	/00/01	118
ALMACEN	/00/01	37
VIVIENDA	/00/01	90

PARCELA

Superficie gráfica: 245 m2

Participación del inmueble: 100,00 %

Tipo: Parcela construida sin división horizontal



Este documento no es una certificación catastral, pero sus datos pueden ser verificados a través del "Acceso a datos catastrales no protegidos de la SEC"